



## A Galiza que quere o PSG-PSOE

Marica Adrio Taracido<sup>1</sup>

O ideario do PSdeG-PSOE, o partido no que milito, adecúase ás miñas conviccións, o cristianismo e o socialismo. Os dous teñen uns principios humanistas, baseando o seu ideario na solidariedade, na igualdade, na liberdade, na xustiza social e fiscal, na defensa do medio ambiente e o dialogo para acadar a paz. Estes principios son os mesmos manifestados polo Papa Francisco na súa exhortación apostólica *Evangelii Gaudium*, onde tamén manifesta: «O ser cidadán fiel é unha virtude e a participación na vida política é unha obriga moral».

O PSdeG-PSOE é un partido que protexe a nosa identidade. Somos un partido federalista, español e europeísta. Sempre estive-mos e estamos defendendo os dereitos dos máis vulnerables. A pandemia fixo ver que hai unhas prioridades que temos que protexer, que de feito están dando resultado, e que por desgraza, deixaron ver as diferenzas entre uns países e outros.

A sanidade pública e gratuíta que temos en España e que lle debemos ao noso admirado e recordado Ernest Lluc, a educación pública, a protección aos traballadores e aos máis vulnerables, e o investimento en investigación son esenciais e imprescindibles, sen esquecer a protección do medio ambiente e as novas tecnoloxías. O PSOE durante todo este tempo cubriu as necesidades

---

<sup>1</sup> Marica Adrio Taracido é avogada, especialista en Dereito de Familia, profesora na Facultade de Ciencia Xurídica da U. de Vigo. Foi concelleira polo PSDG no Concello de Pontevedra, e dende o 2019 é senadora.